


Boletín Oficial



Depósito Legal: C-1-1958

FRANQUEO
CONCERTADO
15-1

PROVINCIA DE A CORUÑA

Administración y
venta de ejemplares
Alferez Provisional, s/n.

AÑO 1992

MARTES, 25 DE AGOSTO

NUM. 195

ADMINISTRACION PROVINCIAL

EXCMA. DEPUTACION PROVINCIAL DE A CORUÑA

SERVICIO DE PERSONAL

La Presidencia de esta Excm. Diputación Provincial, en Resolución de fecha 18 de agosto de 1992 ha resuelto elevar a definitiva la lista de admitidos publicada en el B.O.P. núm. 180 de 5 de agosto y aprobar la relación nominal de los miembros de los Tribunales y fecha, hora y lugar en que darán comienzo los ejercicios de examen.

TRIBUNALES

Jefe de Servicio de Inspección Tributaria

—Presidente: Titular: Don José A. Sánchez Bugallo.

Suplente: Don Moisés Rey Martínez.

—Vocales: Titular: Don Fermín Yáñez Fernández, en representación de la Comunidad Autónoma.

Suplente: Don Francisco Mato Pet.

Titular: Don Hipólito Blanco Malvárez.

Suplente: Don Emiliano Fernández Casal.

Titular: Don Jesús Loscos Puig.

Suplente: Don José Manuel Pardellas Rivera.

Un representante de la Junta de Personal.

—Secretaría: Titular: Doña Ana María Marcos García.

Suplente: Doña María José López Pérez.

Jefe de Servicio de Gestión Tributaria

—Presidente: Titular: Don José Antonio Sánchez Bugallo.

Suplente: Don Moisés Rey Martínez.

—Vocales: Titular: Don Francisco Mato Pet, en representación de la Comunidad Autónoma.

Suplente: Don Fermín Yáñez Fernández.

Titular: Don Hipólito Blanco Malvárez.

Suplente: Don Emiliano Fernández Casal.

Titular: Don Jesús Loscos Puig.

Suplente: Don José M. Pardellas Rivera.

Un representante de la Junta de Personal.

—Secretaría: Titular: Ana María Marcos García.

Suplente: María José López Pérez.

Fecha, hora y lugar en que darán comienzo las pruebas de examen.

Jefe de Servicio de Inspección Tributaria.

Día: 15 de setiembre.

Hora: 10 de la mañana.

Lugar: Diputación Provincial (Avda. Alferez Provisional, s. n.º).

Jefe de Servicio de Gestión Tributaria.

Día: 16 de setiembre.

Hora: 10 de la mañana.

Lugar: Diputación Provincial (Avda. Alferez Provisional, s.n.º).

A Coruña, 18 de agosto de 1992.—El Presidente, firmado:—El Secretario, firmado:

R. 10.157. P. G.C. 19-8-92. N. 10.062.

ADMINISTRACION MUNICIPAL

AYUNTAMIENTOS DE

RIBEIRA

Aprobadas definitivamente polo Pleno da Corporación, en sesión de 7-7-92, a Ordenanza Municipal de Limpeza e a Ordenanza Municipal de Protección de Zonas Verdes, en virtude do artigo 70.2 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, procédese á publicación do seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia, para a súa entrada en vigor unha vez transcorrido o prazo previsto no art. 65.2 da mesma Lei 7/85.

"ORDENANZA MUNICIPAL DE LIMPEZA"

Título I.—Disposicións Xerais

Artigo 1.

A presente Ordenanza ten por obxecto a regulación no Término Municipal das seguintes actuacións e actividades:

a) Limpeza das vías e espazos públicos, mercados, praias, solares de propiedade municipal, incluíndo rego de rúas e prazas, e lavado de pintadas.

b) A recolleita de desfeitos e residuos sólidos e o seu transporte ó Vertedeiro Municipal, incluíndo como tales: Os producidos por actividades domiciliarias, comerciais e de servizos, de limpeza urbana, industriais, obras, animais mor-

tos, mobles, enseres, e en xeral todos aqueles que a súa recolleita, transporte e almacenamento ou eliminación sexa de competencia municipal.

Artigo 2.

No regulamentado expresamente na presente Ordenanza será aplicable o disposto na Lei 42/1975 de 19 de novembro, sobre recolleita de desfeitos e residuos sólidos urbanos e demais disposicións aplicables.

Título II.—Da Limpeza da Vía Pública

Artigo 3.

a) A limpeza da vía pública: Rúas, glorietas, prazas e demais espazos públicos en xeral, e tamén a recollida dos residuos procedentes da mesma será realizada pola Administración Municipal, ben directamente ou por medio da Empresa concesionaria do Servizo, a través das formas e frecuencias que determine o Concello.

b) A limpeza das rúas de dominio privado, deberá efectuarse pola propiedade.

c) A limpeza do Porto deberá ser efectuada polas súas Entidades xestoras.

d) A limpeza dos xardíns e zonas verdes, efectuarase directamente polo Servizo Municipal de Xardíns, no que atingue exclusivamente a zonas verdes.

e) A limpeza de praias efectuarase directamente polo Servizo Municipal destinado a este cometido.

f) A limpeza do mercado ambulante dos sábados, será efectuada pola Administración Municipal ou por medio da Empresa concesionaria do Servizo.

Artigo 4.

a) A limpeza de beirarrúas correrá a cargo da Administración Municipal ou por medio da Empresa concesionaria do Servizo, agás naqueles casos que non estén recolleitos no contrato entre a Administración e Empresas de Servizos (galerías, soportais ou portais, ...).

b) Corresponderá ós propietarios ou no seu caso a quen habite nos inmobles, manter limpos os patios de luces, ou da mazá, se é privada.

Artigo 5.

a) A limpeza de solares corresponderá ós propietarios dos mesmos, sen prexuízo da obriga de proceder ó seu valado na forma que regulamentariamente adopten as Ordenanzas Municipais.

b) Os propietarios de leiras rústicas deberán velar polo correcto estado das gavías e impedir que a maleza invada os camiños públicos.

Artigo 6.

a) Prohibese botar á vía pública todo tipo de residuos, como cigarros, cascas, papeis ou calquera outro desperdicio semellante. Os que vaian polas rúas, prazas, xardíns e outros espazos libres públicos e queiran desprenderse de residuos de pequena entidade, como os anteriormente mencionados, utilizarán as papeleiras instaladas para tal fin.

b) Os usuarios deberanse abster de toda manipulación sobre as papeleiras, moveias, volcalas ou arrincalas, así como calquera outro acto que as deteriore ou as faga inutilizables para o uso ó que están destinadas.

c) A instalación, mantemento e reposición das papeleiras realizarase ben pola Administración Municipal ou mediante concesión administrativa por unha Empresa privada.

Artigo 7.

Queda prohibido realizar calquera operación que polda ensucia-las vías e espazos libres públicos, e de forma especial:

a) Lavar ou limpar vehículos, así como cambiar ós mesmos o aceite e outros líquidos.

b) Manipular ou seleccionar residuos sólidos urbanos, producindo a súa dispersión, dificultando a súa recollida ou alterando os seus envases.

c) Sacudir prendas ou alfombras na vía pública ou sobre a mesma dende fiestras, balcóns ou terrazas.

Artigo 8.

a) Non se permite realizar actos de propaganda ou calquera outra clase que supoña repartir ou lanzar cartels, folletos ou follas voantes, cando estes actos ensucien os espazos públicos.

b) Terá a consideración de acto independente para o efecto de sanción cada actuación separada no tempo ou no espazo, contraria ó establecido no número anterior, sendo responsables da infracción aquelas persoas físicas ou xurídicas que promovan ou xestionen a publicidade e, no seu defecto, e salvo proba, en contrario, aquelas a favor das que se faga a mesma.

c) Quedará dispensada a propaganda durante os períodos electorais e aquel outros de especial significación política e xeral participación cidadá nos que sexa pertinente a realización de actos publicitarios, de acordo coas disposicións municipais que se adopten para estes efectos.

Título III.—Medidas relativas a determinadas Actividades.

Artigo 9.

a) Os donos de quioscos ou postos autorizados na vía pública, xa sexa en sitios aillados ou en mercados, están obrigados a manter limpo o espazo no que desenvolvan o seu cometido e os seus arredores durante o horario no que realicen a súa actividade, e deixalo no mesmo estado ó concluír ésta.

b) A mesma obriga afecta ós donos de cafés, bares e establecementos análogos en canto á superficie da vía pública ou espazo libre público que se ocupe con mesas, sillas, etc., así como á beirarrúa correspondente ó longo da súa fachada.

c) Os titulares dos establecementos, quioscos ou postos, así como os concesionarios de expendedorías de tabaco e lotería nacional, deberán instalar pola súa conta e cargo as papeleiras necesarias. A recollida dos residuos acumulados nas mesmas faraa o Servizo Municipal competente.

d) Os propietarios de panaderías absteranse de deixar na vía pública leñas, ramas e outros materiais que utilicen como combustible.

Artigo 10.

a) Concluída a carga e descarga de calquera vehículo respetando as normas que para tales actividades establece a Ordenanza de Circulación, limparanse as beirarrúas e calzadas que foran ensuciadas durante a operación, retirando da vía pública os residuos vertidos.

b) Están obrigados ó cumprimento deste precepto, os donos dos vehículos e, subsidiariamente, os titulares dos establecementos ou fincas nos que se fixera a carga ou descarga.

Artigo 11.

a) O persoal de establecementos ou industriais que utilicen para o seu servizo vehículos de tracción mecánica e os estacionen habitualmente na vía pública, deberán limpar debidamente e coa frecuencia necesaria o espazo ocupado polos mesmos.

b) Este precepto é tamén aplicable ós espazos reservados para o establecemento de camións e autocares de aluguer, sendo responsables da infracción os seus propietarios.

Artigo 12.

Os propietarios e condutores de vehículos que transporten terras, entullos, materiais polerentos, áridos, formi-

gón, cartóns, papeis ou calquera outra materia semellante, deberán toma-las medidas precisas para protexer tales materiais durante o transporte e evitar que por causa da súa natureza ou por efecto da velocidade do vehículo ou do vento, caian sobre a vía pública auga, ou parte dos materiais transportados.

Así mesmo, antes de saír das obras, deberanse lava-los baixos e rodas dos vehículos, co fin de impedir que ensucien as vías públicas.

Artigo 13.

a) Cando se realicen pequenas obras na vía pública con motivo de canalización, tapado de buratos, etc., os refugallo e escombros deberán ser retirados dentro das vinte e catro horas seguintes á terminación dos traballos, deixándoos, entre tanto, debidamente amoreados, de xeito que non se atranque a circulación de peatóns e vehículos.

b) Nas obras onde se produzan cantidades de entullos superiores a un metro cúbico deberán utilizarse, para o seu almacenamento na vía pública, colectores do lixo adecuados, amparados pola correspondente autorización.

Artigo 14.

As persoas que conduzan cans ou outros animais polas vías públicas e espazos públicos, ademais de levalos atados e cumprilos demais requisitos establecidos, deberán impedir que estes depositen as súas dexeccións en calquera lugar destinado para o tránsito de peatóns. Para que realicen estas dexeccións deberanos levar á calzada xunto á boca do sumidoiro.

Para o caso de que as dexeccións queden depositadas nas beirarrúas ou outras zonas destinadas ó tránsito peatonal, a persoa que conduza o animal está obrigada á súa limpeza inmediata.

Título IV.—Limpeza de Edificacións.

Artigo 15.

Os propietarios dos inmobles, vivendas e establecementos, están obrigados a manter limpas as diferentes partes que sexan visibles dende a vía pública, de tal xeito que se consiga unha uniformidade na súa estética, acorde co seu medio urbano.

Artigo 16.

a) Cando se realice a limpeza de escaparates, portas, marquesiñas, toldos ou cortinas dos establecementos comerciais, adoptaranse as debidas precaucións para non causar molestias ós transeúntes nin ensuciar a vía pública e, se non obstante, esta fose ensuciada, os donos do establecemento están obrigados á súa limpeza retirando os residuos resultantes.

b) Iguais precaucións deberanse adoptar para a limpeza de balcóns e terrazas, así como para o rego das plantas instaladas nos mesmos.

Artigo 17.

1.—Co obxecto de mante-las condicións de limpeza e pulcritude que esixe o ornato e a estética da cidade, queda prohibido:

a) Poñer carteis e realizar inscricións ou pintadas en paredes, muros, quioscos, cabinas, fachadas, farois, gradas, valos, papaleiras, etc.

b) Riscar, ensuciar ou arrincoar aqueles carteis ou anuncios sitos nos lugares ou emprazamentos autorizados para o efecto.

2.—Consideraranse separadamente como actos sancionables ás actuacións contrarias ó disposto no punto anterior en relación cos anuncios ou carteis de calquera contido fixados en cada inmoble ou demais lugares prohibidos.

3.—Para os efectos de responsabilidade rexerá ó establecido no artigo 8 deste Ordenanza.

Artigo 18.

a) Os propietarios ou titulares de inmobles, coldarán de manter limpas as paredes e fachadas de calquera tipo de anuncio que non sexa específico dunha profesión ou actividade mercantil.

b) Unicamente permitirase a colocación de carteis ou anuncios nos lugares destinados para ese fin, sempre que, ademais, estean amparados pola preceptiva licencia.

Artigo 19.

Cando un inmoble fose obxecto de pintadas, ou pegamento de carteis, os Servicios Municipais (Policía Municipal, Servizo de Limpeza, etc.), pasarán o correspondente parte ó Servizo competente, sen detrimento de que os propietarios ou persoas encargadas llo comuniquen ó Servizo Municipal competente, que procederá á súa limpeza con cargo á persoa física ou xurídica que resulte responsable.

Artigo 20.

Durante os períodos electorais legislativos e aqueles outros de xeral participación cidadá nos que sexa pertinente a realización de actos de propaganda e publicidade, o Concello de Ribeira adoptará, de conformidade co que se dispoña na respectiva normativa, espazos especialmente reservados para a súa utilización como soportes publicitarios.

Título V.—Retirada de Residuos Sólidos.

Capítulo I.—Normas Xerais

Artigo 21.

Este título comprende as normas que deben ser cumpridas polos produtores dos residuos sólidos enumerados no artigo 1 con referencia á presentación e entrega dos mesmos para a súa recollida e transporte.

Artigo 22.

a) A recollida de residuos sólidos será establecida polo Concello, cos itinerarios, frecuencia e horario que se consideren oportunos, e prestarase, ben directamente pola Administración Municipal ou a través de concesión administrativa a unha Empresa privada, con recipientes ou colectores do lixo instalados na vía pública polo Concello, e que serán exclusivamente para uso domiciliario.

b) Con recipientes ou recolectores do lixo instalados na vía pública polo Concello, e que serán para uso domiciliario.

Artigo 23.

Da recepción dos residuos sólidos urbanos, farase cargo o persoal adicado á mesma.

Ningunha persoa física ou xurídica poderá adicarse á recollida, transporte e aproveitamento dos residuos sólidos, calquera que sexa a súa natureza, sen se prever antes da correspondente concesión ou autorización municipal.

Artigo 24.

1.—Cando os residuos sólidos pola súa natureza e a xuízo do Servizo Municipal competente poidesen presentar características que os fagan tóxicos ou perigosos, esixírase ó produtor ou posuidor dos mesmos que, previamente á súa recollida, realice un tratamento para eliminar ou reducir no posible estas características ou que os deposite en forma ou lugar axeitados, e en recipientes normalizados da súa propiedade.

2.—Así mesmo, os produtores ou posuidores de residuos potencialmente tóxicos ou perigosos, ou que polas súas características poidan producir trastornos no transporte e tratamento, quedan obrigados a proporcionar ó Concello información completa sobre a súa orixe, cantidade e características, sendo responsables en todo momento de cantos danos se produzan cando se omitira ou falseara aquela información.

Capítulo II.—Residuos Domiciliarios**Artigo 25.**

a) Enténdese por residuos domiciliarios os que proceden da normal actividade doméstica así como os producidos nos establecementos comerciais que pola súa natureza e volume son asimilables ós anteriores.

b) O Concello poderá dispor que en toda a cidade ou en sectores ou zonas determinadas se presenten por separado ou se depositen en recipientes especiais aqueles residuos susceptibles de ditos aproveitamentos, como papeis, botellas, latas, etc.

c) Será obriga do Servizo Municipal de recollida ou Empresa Concesionaria, o valdeirado dos colectores do lixo propios do Servizo de Limpeza, que se utilicen para deposita-las barreiras e desperdicios procedentes das papeleiras.

Artigo 26.

a) A presentación dos residuos domiciliarios farase obrigatoriamente no tipo de recipiente normalizado que, en cada caso, sinala o Concello de acordo coa natureza dos residuos, as características do sector ou vía pública, e coa planificación realizada para a recollida e transporte polo Servizo Municipal competente.

b) Nas zonas, sectores ou barrios onde a recollida se efectúe mediante recipientes herméticos suministrados polo Concello, os usuarios de tales recipientes teñen a obriga de conservalos e mantelos en adecuadas condicións de hixiene, coa dilixencia que o Código Civil esixe ó usufructuario de bens alleos, sendo responsable do deterloro que os recipientes poidan sufrir pola súa culpa ou negligencia, sen prexuízo da limpeza periódica que realizarán os Servizos Municipais.

c) Os usuarios deberán deposita-lo lixo en bolsas perfectamente pechadas e sen líquidos dentro do recipiente normalizado. Deberán pregar ou esnaquiza-las caixas de cartón ou madeira e introducilas en bolsas, de xeito que permita o máximo aproveitamento do colector do lixo.

d) Utilizaranse os colectores do lixo que se teñen asignados, pechando logo a tapa. Non se permite depositar lixo arredor dos mesmos.

Artigo 27.

a) A recollida dos residuos, nas zonas onde non existan recipientes normalizados, efectuarase en bolsas opacas correctamente pechadas ubicadas nos puntos fixados polo Concello, polos operarios encargados do Servizo de recollida do lixo, a partir da porta do inmoble ou establecemento comercial.

b) Nas zonas nas que existan recipientes normalizados, os veciños depositarán neles os residuos e o persoal do vehículo colector baldeiará o contido dos recipientes no camiión depositándoos logo onde se encontraban, non correspondéndolle ningunha manipulación dos residuos nin dos recipientes dentro de ningún inmoble de propiedade pública ou privada.

Artigo 28.

Os colectores do lixo serán sitos na vía pública, naqueles lugares que se determinen pola Administración Municipal, salvo que exista a posibilidade da súa ubicación en portais ou patios dos inmobles; en ese caso colocáranse na beirarrúa a beira da calzada no lugar que se sinala esta operación poderase facer unha hora antes do paso do vehículo, se a recollida se efectúa de día, e non antes das nove da noite se a mesma é nocturna. Unha vez vaciados os recipientes procederase á súa retirada, nun prazo máximo de quince minutos, no caso de que a recollida se faga de día, ou antes das nove da mañá se a recolleita se fixera pola noite, agás dos correspondentes locais comerciais, que poderán retiralos no momento da apertura dos mesmos, e, en todo caso, antes das nove da mañá.

Artigo 29.

Se unha Entidade pública ou privada tivese por calquera causa que se desprender de residuos sólidos en cantidades maiores ás que constitúen a produción diaria normal, e non de forma frecuente, non poderá presentalos conxuntamente cos residuos habituais. Nestes casos, a Entidade poderá ser autorizada ó transporte dos residuos cos seus propios medios ós puntos de transformación ou eliminación que indique o Servizo Municipal competente, ou ben poderá solicita-la súa retirada ó mencionado Servizo.

Neste último caso o Concello pasará o correspondente cargo.

Capítulo III.—Residuos Industriais**Artigo 30.**

Serán considerados residuos industriais todos os procedentes de calquera actividade industrial igual a aqueles que, polas súas características especiais, non poidan ser clasificados como inertes ou asimilables ós residuos domiciliarios e, en xeral, ós que presente un risco potencial para a saúde pública ou medio ambiente.

Os produtores ou posuidores de residuos industriais especiais están obrigados á adopción de certas medidas sexan necesarias para asegura-lo transporte, tratamento, eliminación ou, no seu caso, o aproveitamento dos mesmos se realice sen risco para as persoas. En consecuencia, estes residuos deberán ser depositados en vertedellos de seguridade, sendo os propietarios os únicos responsables dos posibles danos ou perdas que os mesmos poidan ocasionar.

Capítulo IV.—Residuos Actividades Industriais**Artigo 31.**

a) Residuos procedentes do Ramo de Hostelería (Cafés, Bares, Cafeterías, Hotéis, Restaurantes, etc.):

Os locais destinados a esta actividade, deberán proveerse de recipientes ou colectores do lixo normalizados. Os recipientes serán da súa propiedade e ó seu cargo está o mantemento e limpeza dos mesmos.

b) Supermercados e Grandes Almacéns:

Estas industrias terán que poñer recolectores do lixo normalizados para os desperdicios orgánicos, como son desperdicios de carnicerías, froitas, peixes, etc.

c) Industrias Ramo Metal:

Só poderán deposita-lo lixo correspondentes á limpeza normal das súas instalacións, non podendo depositar ningún desperdicio metálico.

d) Demais Locais Comerciais:

Deberán deposita-lo lixo en bolsas, se non son de orixe orgánico, e se o son, en colectores do lixo normalizados da súa propiedade (Carnicerías, Pelixerías, Froiterías, etc.).

Artigo 32.

Para se desfacer dos residuos industriais será necesaria a correspondente autorización municipal, indicándose, á vista da natureza e características dos mesmos, o lugar para a súa eliminación ou aproveitamento.

Artigo 33.

En ningún caso, permitirase o vertido ou queima de residuos industriais, que pola súa natureza sexan causantes de cheiros, fumes, etc., en zonas próximas ás vivendas.

Artigo 34.

Para o vertido de residuos industriais, sexa cal fose a súa natureza, é preceptivo contar co correspondente permiso municipal, previo pagamento das taxas correspondentes.

Queda terminantemente prohibido depositar nos recipientes destinados a residuos domiciliarios os de calquera actividade industrial.

Capítulo V.—Residuos Especiais**Sección 1.ª.—Terras e Entullos****Artigo 35.**

- a) Queda terminantemente prohibido depositar nos recipientes normalizados, destinados a residuos domiciliarios, os entullos procedentes de calquera clase de obras.
- b) Non obstante, os entullos procedentes de obras cun volume de ata un metro cúbico poderán ser retirados polo Servizo Municipal competente previo pedimento do interesado, ó que lle será pasado o cargo correspondente.
- c) Os entullos cun volume superior a un metro cúbico, así como os procedentes de baldreamento ou movemento de terras, deberán eliminarse polos interesados conforme ó establecido na Ordenanza Municipal de Transportes e Vertidos de Terras e Entullos.

Artigo 36.

- a) Prohibese depositar na vía pública toda clase de entullos ou restos procedentes de obras de construción e remodelación de edificios ou de obras realizadas no interior dos mesmos, sexa na totalidade ou nalgunha das vivendas.
- b) Igualmente queda prohibido almacenar na vía pública, fóra dos límites do valado protector das obras, materiais de construción: Área, tixolos, cemento, maseiras, leñas e outros materiais.

Artigo 37.

- a) Os residuos e materiais do artigo anterior soamente se poderán almacenar na vía pública utilizando para iso colectores de lixo adecuados e instalados cumprindo os requisitos e condicións que se sinalen.
- b) A colocación de colectores de lixo requirirá autorización municipal, previo aboamento das taxas correspondentes.
- c) Os colectores de lixo deben estar dotados dos dispositivos axeltados que permitan mantelos cubertos cando non sexan utilizados, para preservalo ornato urbano e evitar que outras persoas boten neles lixo domiciliario ou trastos inútiles.
- d) Cando os colectores de lixo se atopen cheos de entullos procederase, en prazo non superior a vinte e catro horas, á súa retirada e substitución por outros baldeiros. Para estes efectos os materiais depositados non poderán rebasar nunca o plano delimitado polas arestas superiores do colector de lixo, estando prohibido o uso de suplementos ou engadidos para aumentala capacidade do recipiente.
- No caso de incumprimento, o Concello poderá retirar o colector de lixo que logo de baldreado quedará en depósito. O propietario poderá recuperalo previo pagamento dos gastos de transporte, vertido e retirada, sen prexuízo da sanción a que houbera lugar.

Sección 2.ª.—Mobles e Obxectos Inútiles**Artigo 38.**

- a) Queda prohibido depositar, nos espazos públicos, mobles e obxectos inútiles para que sexan retirados polos camiós da recollida domiciliar de lixo.
- b) As persoas que desexen desfacerse de tales elementos solicitarano ó Servizo Municipal competente, que lle indicará o día e hora para depositalos na beirarrúa.

Sección 3.ª.—Animais Mortos**Artigo 39.**

- Prohibese o abandono de cadáveres de animais de toda especie, sobre calquera clase de terreos, e tamén a súa inhumación en terreos de propiedade pública.
- A sanción por incumprimento desta norma será independente das responsabilidades que estean previstas na normativa de orde sanitaria.

Artigo 40.

a) As persoas que necesiten desprenderse de animais mortos farano a través do Servizo Municipal competente, que procederá á súa recollida, transporte e eliminación.

b) Este Servizo Municipal será gratuito cando se trate de animais domésticos en réxime de convivencia ou cautividade, de se referir a un só exemplar e a prestación do Servizo se solicite de maneira illada e esporádica.

c) O disposto no parágrafo anterior non será aplicable para o caso de explotacións gandeiras ou industriais, nin no suposto de équidos para uso deportivo.

Artigo 41.

A eliminación de animais mortos non exime, en ningún caso, ós propietarios, da obriga de comunica-la baixa do animal e as causas da súa morte cando así veña establecido en Ordenanzas ou Regulamentos Municipais ou disposicións legais vigentes.

Artigo 42.

Os que observen a presenza dun animal morto poden comunicar tal circunstancia ó Servizo Municipal competente co fin de proceder a retirar-lo cadáver coas condicións hixiénicas necesarias para tal operación, e tratar de identificalo o seu propietario.

Sección 4.ª.—Residuos Clínicos**Artigo 43.**

Para os efectos desta Ordenanza consideraranse residuos clínicos:

- a) En xeral, todo residuo que se produza en clínicas, sanatorios, hospitais, laboratorios e demais establecementos sanitarios de carácter análogo.
- b) Os procedentes de vendaxes, gasas, algodón, xiringas, restos de medicamentos ou os seus envases, tubos de ensaio, etc.
- c) Os asimilables a residuos domiciliarios tales como restos de comida, lixo procedente da limpeza, embalaxes, etc.

Artigo 44.

a) Os residuos procedentes de Centros Sanitarios han de estar debidamente envasados e pechados, utilizando para isto recipientes normalizados. Os residuos procedentes de quirófanos, curas, etc., estarán separados dos de comedores, bares, cafeterías, etc., co fin de evitar contaxios ou infeccións.

b) Os establecementos que produzan residuos clínicos, terán a obriga de entrega-los mesmos ó Concello, que procederá, selectivamente, á súa recollida, transporte e tratamento, ou dará as instrucións pertinentes para que tales establecementos poidan desprenderse daqueles residuos que precisen dun tratamento específico.

c) Se a entrega de residuos clínicos se fai á persoa física ou xurídica que non posúa a debida autorización, o produtor responderá solidariamente co receptor de calquera dano que se produza á causa daqueles e das sancións que proceda impor.

Sección 5.ª.—Outros Residuos**Artigo 45.**

Inclúense neste epígrafe tódolos residuos sinalados especificamente entre os especiais ou aqueles que, procedendo de actividades comerciais, esixan unha recollida, transporte e tratamento selectivo, por mor das condicións anormais en que os mesmos puidesen encontrarse.

Artigo 46.

Os donos de establecementos comerciais que tivesen que se desprender de alimentos deteriorados, conservas caducadas, etc., están obrigados a entregar tales restos ó Concello, proporcionando canta información sexa neces-

ria ter en conta co fin de efectuar unha correcta eliminación.

Artigo 47.

Non se permite tira-las pilas alcalinas e de mercurio mesturadas cos residuos domésticos, debendo entregalas nos lugares oportunos, que se indicarán pola Administración.

TITULO VI.—TRATAMENTO DE RESIDUOS

Artigo 48.

a) Os depósitos ou vertedeiros para a eliminación de residuos sólidos urbanos son de exclusiva competencia municipal e en canto a súa situación, instalación, forma de vertido e funcionamento darase cumprimento a canto establezan as disposicións vixentes sobre esta materia.

b) Todo vertedeiro que non cumpra co establecido no punto anterior, será considerado clandestino e inmediatamente clausurado, sen detrimento das sancións previstas e das responsabilidades a que houbese lugar.

c) As instalacións industriais para a eliminación ou aproveitamento dos residuos nas súas formas de reciclado, incineración, pirólise e pirofusión, etc., estarán ó que dispoñan as leis vixentes na materia.

TITULO VII.—REXIME DISCIPLINARIO

Capítulo I.—Normas Xerais

Artigo 49.

a) Toda persoa natural ou xurídica poderá denunciar ante o Concello as infraccións da presente Ordenanza en relación coa materia á que se refire este Libro.

b) Tocante ó contido das denuncias e para os seus efectos rexerá o establecido no artigo 51 da presente Ordenanza.

Artigo 50.

a) As responsabilidades derivadas do incumprimento das obrigas sinaladas neste Libro, serán esixibles non soamente polos actos propios, senón tamén polos daquelas persoas de que se deba responder e polo proceder dos animais dos que se fose propietario.

b) Cando se trate de obrigas colectivas tales como uso, conservación e limpeza de recipientes normalizados, limpeza de zonas comúns, etc., a responsabilidade será atribuída á respectiva comunidade de propietarios, ou habitantes do inmovible cando non estea constituída ésta; e para este efecto, as denuncias formularanse contra a mesma ou, se é o caso, contra a persoa que ostente a súa representación.

Capítulo II.—Infraccións

Artigo 51.

a) Consideraranse infraccións administrativas en relación coas materias ás que se refire este Libro, os actos ou omisións que contraveñan o establecido nas normas que integran o seu contido.

b) As infraccións clasifícanse en leves, graves e moi graves conforme se establece nos artigos seguintes.

Artigo 52.

1.—Consideraranse infraccións leves:

a) A falta de limpeza das rúas particulares e outros espazos libres do mesmo carácter.

b) Botar desperdicios na vía pública, así como realizar as operacións prohibidas no artigo 6.a)

c) Non instala-las papelstras esixidas ou a falta de limpeza na vía pública, nos supostos dos artigos 8 e 10.

d) Non manter limpas as diferentes partes dos inmobles que sexan visíbeis dende a vía pública.

e) Deixar na vía pública residuos procedentes da lim-

peza de escaparates, portas ou toldos de establecementos comerciais.

f) Fiscar, ensuciar ou arrincar carteis ou anuncios colocados en lugares ou emplacements autorizados.

g) Tocante ós recipientes herméticos, a falta de coidado dos mesmos; poñelos na vía pública ou retiralos fóra do tempo establecidos; utilizar outros distintos ós autorizados; sacar lixo que os desborde e non poñelos ó paso do camión recolector.

h) Presenta-las escoiras e cinzas dos xeradores de calor en recipientes non homologados.

i) Non deposita-lo lixo basuas dentro dos colectores de lixo en bolsas pechadas.

2.—Consideraranse infraccións graves:

a) A reincidencia en infraccións leves.

b) Cambia-lo aceite e outros líquidos ós vehículos na vía e espazos libres públicos.

c) Realizar actos de propaganda mediante o reparto ou lanzamento de cartels, folletos, follas voantes, etc., que ensucien os espazos públicos.

d) Omítilas operacións de limpeza despois da carga ou descarga de vehículos ou incumpri-las obrigas do artigo 11.

e) Non retirar no prazo establecido nos entullos procedentes de obras na vía pública así como almacenar a mesma entullos ou materiais de construción, sen utilizar colectores do lixo, ou situar estes incumprindo o establecido nas Ordenanzas Municipais.

f) Non proceder á limpeza das dexeccións de cans ou outros animais.

g) Poñer carteis en lugares non permitidos e realizar inscricións ou pintadas.

h) Usar indebidamente ou dana-los recipientes herméticos suministrados polo Concello.

i) Abandonar mobles ou obxectos na vía ou espazos públicos.

j) Abandonar cadáveres de animais ou a súa inhumación en terreos de dominio público.

k) Bota-los residuos clínicos en recipientes normalizados ou non realizar separación entre os residuos procedentes de quirófanos, curas, etc., e os procedentes de comedores, bares, etc.

l) Non retira-los colectores do lixo no prazo establecido.

3.—Consideraranse infraccións moi graves:

a) A reincidencia en faltas graves.

b) Dedicarse á recollida, transporte ou aproveitamento de residuos sen a debida autorización ou entregalos a quen teña tal dedicación.

c) O vertido incontrolado de residuos industriais.

d) Non proporcionar información ó Concello sobre a orixe, cantidade e características dos residuos que poidan producir transtorno no transporte ou tratamento, así como proporcionar datos falsos ou impedir e atranca-lo labor inspector nos supostos de residuos industriais.

e) Non entregar ó Concello os restos ós que se refire a Sección 5.ª do Capítulo IV "Outros Residuos".

Capítulo III.—Sancións

Artigo 53.

1.—Sen detrimento de esixir, cando proceda, as responsabilidades de carácter penal ou civil correspondentes, as infraccións ós preceptos do presente Libro en materia de limpeza urbana e residuos sólidos serán sancionados na forma seguinte:

a) Para as faltas leves: Apercibimento e multa ata 5.000 pesetas.

b) Para as faltas graves: Multa de 5.001 a 15.000 pesetas.

c) Para as faltas moi graves: Multas de 15.001 a 25.000 pesetas, e nos supostos de reincidencia, imponse as sancións previstas na Lei 42/1975 de 19 de novembro sobre desfeitos e residuos sólidos urbanos.

Artigo 54.

a) Para determina-la contía da sanción atenderase ás circunstancias concorrentes nos feitos que a motivaron, tales como natureza da infracción, grado de intencionalidade e reincidencia, así como aqueles factores que poidan calificarse como atenuante ou agravante.

b) Será calificado de reincidente quen incorrera en infraccións das mesmas materias nos doce meses anteriores ás mesmas".

"ORDENANZA MUNICIPAL DE PROTECCION DE ZONAS VERDES"

(CONSERVACION E LIMPEZA)

Título I.—Disposicións Xerais

Artigo 1.

Esta Ordenanza ten por obxecto a regulamentación da implantación, conservación, uso e disfrute das zonas verdes do Término Municipal, así como dos distintos elementos instalados nelas, procurando a súa mellor preservación por ser ámbitos imprescindibles para o equilibrio do ambiente urbano.

Artigo 2.

a) Para os efectos desta Ordenanza consideraranse zonas verdes os espazos destinados á plantación de arborado e xardinería conforme ás determinacións dos plans de ordenación urbana.

b) Tocante á definición e clase de zonas verdes rexerá o establecido nas Normas Subsidiarias de Planeamento Urbanístico do Concello de Ribeira.

c) En todo caso serán calificadas como zonas verdes, para os efectos desta Ordenanza, as prazas e pequenos xardíns viarios, as aliñacións de árbores en beirarrúas e paseos e as xardineiras e elementos de xardinería instalados nas vías públicas.

Título II.—Implantación de Novas Zonas Verdes

Artigo 3.

a) As novas zonas verdes axustaranse na súa localización ó establecido nas Normas Subsidiarias de Planeamento Urbanístico, e nas súas instalacións ás normas específicas sobre normalización de elementos constructivos.

b) As novas zonas verdes manterán aqueles elementos naturais como a vexetación orixinal existente, cursos de auga ou zonas húmidas, confirmacións topográficas do terreo e calquera outro que conforme as características ecolóxicas da zona; e que servirán de soporte ós novos podendo converterse, en caso específicos, en condicionantes principais do deseño.

Artigo 4.

a) Tocante á implantación, as novas zonas verdes deberán cumprilas seguintes normas:

1.—Respetaranse tódolos elementos vexetais ós que se fai referencia no artigo anterior.

2.—Para as novas plantacións elixiranse especialmente vexetais autóctonos ou compatibles co clima de Galicia.

3.—Non se utilizarán especies que neses momentos estean declaradas expostas a pragas e enfermidades con carácter crónico e que como consecuencia poidan ser focos de infección.

4.—As plantas que se utilicen deberán encontrarse en perfecto estado sanitario, sen golpes nin machacaduras que

poidan resultar infectadas. O seu tamaño deberá se-lo axeitado para un desenvolvemento óptimo do vexetal, sen desequilibrios orgánicos que provoquen enfermidades no mesmo ou volcos por debilidade do sistema reticular.

5.—Cando as árbores haxan estar preto das edificacións, elixiranse aquelas que non poidan producir polo seu tamaño ou porte unha perda de iluminación ou soleamento naqueles, danos nas infraestructuras ou levantamento de pavimentos ou beirarrúas. Para este efecto establécese como norma de obrigado cumprimento a separación mínima de edificios, instalacións e medianeiras de 3 metros para o caso de árbores e 0,50 metros para o das restantes plantas.

b) En calquera caso, os promotores poderán formular consultas ós Servizos Municipais relacionados coa implantación de zonas verdes.

Artigo 5.

a) Tódolos traballos en árbores públicas, realizados por Empresas concesionarias, deberán estar baixo o control dos Técnicos Municipais encargados da materia, por medio de especificacións escritas, licencias e inspeccións.

b) As redes de servizos (eléctricas, telefónicas, de saneamento, distribución de auga, etc.) que haxan atravesado as zonas verdes, deberán facelo de forma subterránea, debidamente canalizadas e sinalizadas.

c) As redes de servizos públicos non poderán usarse en ningún caso, para intereses ou finalidade privada. De forma especial prohibese o uso de auga da rede municipal de rego para xardíns privados.

Título III.—Conservación de Zonas Verdes

Artigo 6.

Tódolos propietarios de zonas verdes están obrigados a mantelos en bo estado de conservación, sendo pola súa conta os gastos que iso ocasiona.

Artigo 7.

Calquera propietario dun inmovible con fachada á rúa e árbores no mesmo, terá a obriga de podalos de xeito que non obstrúan ou dificulten a iluminación da vía pública, e impidan a visibilidade en cruces, interseccións ou pasos.

Artigo 8.

As árbores e arbustos que integren as zonas verdes, serán podados axeitadamente na medida en que a alta desta operación poida supor un detrimento no vigor vexetativo, un aumento da susceptibilidade ó ataque de pragas e enfermidades ou un perigo de caída de pólas secas.

Artigo 9.

a) Os regos precisos para a subsistencia dos vexetais incluídos en calquera zona verde, deberán realizarse cun criterio de economía de auga, en concordancia co mantemento ecolóxico do sistema que favorece a resistencia das plantas a periódicos de seca, empuxes do vento, ataques de criptógamas, etc.

b) A zona verde que posúa recursos propios de auga, será regada con este recursos sempre que isto sexa posible.

Artigo 10.

a) Todo propietario dunha zona verde queda obrigado a realiza-los oportunos tratamentos fitosanitarios preventivos, pola súa conta, para evitar pragas e enfermidades das plantas desta zona verde.

b) Para o caso de que unha praga ou enfermidade se declare nas plantacións dunha zona verde, o propietario deberá dar ás mesmas e pola súa conta, o correspondente tratamento fitosanitario no prazo máximo de oito días, debendo en caso necesario, proceder a suprimir e eliminar estas plantacións de forma inmediata.